

***Nuestra Bandera Literaria* de Antolín Faraldo, primeiro manifesto artístico galeguista**

M. Carme Ríos Panisse

ANTOLÍN FARALDO (1822-1853): POLÍTICO FRACASADO PERO IDEÓLOGO TRIUNFANTE

Dos dous principais propagandistas do primeiro provincialismo Neira de Mosquera é o máis destacado no aspecto cultural e Antolín Faraldo o máis importante ideólogo rupturista¹ e o primeiro teorizador galeguista, antecedente claro de Murguía, Brañas, Risco e Castelao (por cita-los máis preeminentes dos nosos pensadores).

Antolín Faraldo nace en Betanzos en 1822 e morre en Granada en 1853. Foi a súa unha existencia de pouco máis de trinta anos vividos intensamente. De 1835 a 1842 realiza en Santiago os seus estudos de bacharel en Medicina, os últimos anos con matrícula gratuita debido á mala situación familiar. Ó mesmo tempo completa en forma autodidacta a súa educación a través de lecturas que tratan principalmente de problemas do seu tempo vistos desde as novas ideas progresistas. Coa súa incorporación á Academia Literaria de Santiago, Faraldo iniciará os pasos na crenza dunha Galicia con personalidade política propia. Acada así a primeira etapa, ou época de formación, da súa vida. A partir de 1842 Faraldo dedícase ó labor moral de publicista. Vai facelo, esencialmente, en dous periódicos santiagueses, *El Recreo Compostelano* e *El Porvenir*. Na primeira destas publicacións Faraldo, integrado na liña culturalista de Neira, intenta traza-los principais vieiros históricos que determinan a especificidade de Galicia como nación, completando no seu último artigo ideolóxico de *El Recreo*² esta visión do pasado co estudio do presente dende unha actitude crítica que mostra á sociedade galega como excesivamente individualista e desartellada. O seu didactismo político

comeza entón a tornarse incómodo provocando a ruptura co editor do periódico (Núñez Castaño) e o distanciamento con Neira de Mosquera. Por iso a actividade periodística posterior de Faraldo vai desenvolverse fóra de *El Recreo*, en *La Situación de Galicia*³, publicación dirixida por Rodríguez Terrazo na que Faraldo asina baixo o pseudónimo de *Abenbumeya*⁴ distintos “mosaicos” que intentan ser un revulsivo para a sociedade compostelana do momento. Ademais traballa nun ambicioso proxecto que desgraciadamente nunca verá a publicación: unha obra sobre Galicia á que consagra polo menos tres anos e que pensa publicar “cuando su autor no corra el riesgo de ser entregado a una comisión militar o a un tribunal eclesiástico”⁵. Esta segunda etapa da vida de Faraldo chegará ó seu cume en *El Porvenir* (1845). Na devandita publicación, libertaria e anarquizante, o betanceiro intenta comunica-las súas ideas nunha forma divulgativa, pero o ton combativo do periódico e a sospeita da súa finalidade independentista fan que os responsables da censura o prohiban cando vai realiza-lo máis interesante deste labor. Hai aínda unha terceira etapa importantísima para nós da vida de Faraldo, é a que podemos denominar de acción política directa, asociada á revolución liberal de 1846. Nela participa como secretario da “Junta Superior Provincial del Gobierno de Galicia”, asinando a famosa proclama do 15 de abril na que, aínda que se expresan desexos progresistas de apoio á raíña (Isabel II, libre e constitucional), aparecen dados nun ton provincialista, galeguista, “como si Galicia y no las circunstancias políticas del progresismo fueran el protagonista real de la situación”, segundo di Baldomero Cores⁶. Ademais Faraldo aparecerá nese momento como o director de *La Revolución. Periódico oficial de la Junta Superior de Galicia*⁷ que comezou a publicarse o 17 de abril de 1846 e do que só saíron 3 números.

Derrotados os revolucionarios, varios deles, entre os que se atopa Faraldo, embarcan cara a Portugal. Alí permanece ata que consegue ser amnistiado en 1847. Murguía di que “desde ese momento Faraldo no nos pertenece”⁸. Marcha posteriormente a Madrid onde se integra como periodista escribindo artigos progresistas en *La Europa* e colaborando en xornais galegos como o *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia*⁹, pero sen tocar nunca máis a temática provincialista. A súa morte sobrevén en Granada, como xa dixemos, onde estableceu a súa residencia a partir de 1848 (semellá que por motivos políticos e de saúde¹⁰).

IMPORTANCIA DA FIGURA DE FARALDO

Lendo as ideas de Faraldo (tan repetidas polas xeracións posteriores) decatámonos do porqué para Murguía era o *primeiro e o mellor*, pois el é o que inicia unha ideoloxía estruturada do galeguismo. É certo (como defendeu X. R. Barreiro¹¹) que Faraldo non estaba só e que moitas veces quizais se limitase a expresa-lo sentir dos integrantes da súa xeración, pero foi quen o fixo con maior claridade e en forma máis sistemática e radical¹². Inicialmente establecendo a nosa necesidade de liberdade como pobo e logo fornecendo a esta necesidade dunhas bases histórico-filosóficas. Seguindo a Vereas buscou unha orixe étnica propia (a celta), delimitou o territorio galego (o das *catro provincias unidas* que constitúen o *Antigo Reino de Galicia*) e dotounos dun alma cultural específica que el baseou na *organización sueva* e no *dogma cristiano* (neste último aspecto relixioso aplicando a Galicia as ensinanzas de De la Sagra). Ademais insinuou moitas das ideas logo empregadas para encamiña-la nosa posible independencia (*atlan-*

tismo e xermanismo fronte a mediterraneísmo e latinismo; europeísmo fronte a africanismo; idealismo romántico historicista fronte a pragmatismo clásico), indicando o camiño do progreso, da abertura, da *comunicación* e a necesidade da aglutinar e formar un país por medio dunha *capital* que organizase o desenvolvemento equilibrado de Galicia. Máis non lle deixaron facer (nin os tempos se axeitaban).

Quizais a única tacha que se lle poida pór é a de non implicar, nesa alma cultural, á lingua galega¹³. Pero a lingua entón estaba moi desprestixiada nos ambientes liberais burgueses (que eran os posibles receptores da mensaxe provincialista de Faraldo), o seu uso (escrito, evidentemente) dificultaría a difusión e comprensión da ideoloxía (pois o cen por cen da poboación era analfabeta en galego) e, amais, carecemos de datos fiables para saber ata que punto, nestes primeiros momentos da recuperación da nosa personalidade como pobo, o grupo provincialista consideraba o galego como un instrumento con posibilidades para o desenvolvemento da cultura. É evidente que se consideraba cultura galega (en particular literatura) a feita por galegos e non se concebía aínda imprescindible a literatura (e menos a divulgación filosófico-literaria) en lingua galega. Nada podemos, polo tanto, reprocharlle a Faraldo¹⁴, quen daquela, entre os vinte e os vintecatros anos, indicou o camiño do andar galeguista que, con reformas e ensanchamentos, aínda hoxe seguimos.

El mesmo (falando en plural e englobando polo tanto á mocidade provincialista) decátase de que quizais nunca verá realizados os ideais que expresa, porque non son máis ca un inicio, o comezo dun soño para o futuro. Por iso, en *El Recreo Compostelano*, termina afirmando que “algún día vendrá, quien reuniendo todas las letras de nuestra fórmula presentará muy claro lo que nosotros no hemos podido hacer. Entonces acaso llegará a ser un sentimiento general el que Galicia, que ve al oriente montañas, al occidente y al norte mar inmensa” poida “alcanzar lo que fue, lo que no es, lo que habrá de ser...”¹⁵

EL PORVENIR

O tres de febreiro de 1845 aparece o primeiro número desta publicación, substituída “Revista de la Juventud Gallega”. Baixo a dirección de Antolín Faraldo contarán entre os seus redactores coas figuras de Antonio Romero Ortiz e Xosé Rúa Figueroa e como colaboradores terá a Domínguez de Izquierdo, X. M^a. Posada, Alberto Camino¹⁶, Xosé Puente e Brañas, Bieito Vicetto, Leopoldo Martínez Padín e moi especialmente o apadriñamento de De la Sagra¹⁷.

El Porvenir iniciará a súa andadura presentando como primeira preocupación a de Galicia. Os seus autores queren analiza-lo estado actual do Antigo Reino para indicar ós galegos a seguinte fórmula: “¡¡Esto es lo que podiais ser... Y ved ahí cuán poco sois!!”¹⁸, completando este artigo introductorio cunha rápida visión da historia galega, visión que coincide coa que Faraldo montara en *El Recreo Compostelano*.

A revista mantén unha liña baseada no que, en opinión dos seus autores, se cre novo, orixinal e ben feito. De aí que se publiquen artigos como o titulado “Un pensamiento extravagante sobre la deuda del gobierno con los empleados activos y pasivos”¹⁹ (aínda que se sinala que non se comparte a opinión do seu autor) e, pola contra, se rexeite a publicación do traballo lido na inauguración da Escola

Normal de Instrucción Primaria da Coruña por Antonio M^a. de la Iglesia, pois en opinión dos redactores de *El Porvenir* “contiene tantos errores, así en la forma como en el fondo de las ideas, que por honor de la literatura gallega no nos ocuparemos de el”²⁰.

Os dous últimos números do semanario completan a súa cabeceira cos eslogans “Todo para Galicia”, na marxe dereita, e “Abajo reglas, escuelas y maestros”, na esquerda. Faraldo figura nos cinco primeiros números como “director literario”, funcionando como coordinador e indicador das directrices da publicación en forma anónima. A partir do número seis pasa a ser “director-redactor” e o seu protagonismo aumenta, asinando xa moitos dos seus artigos.

O talante político que atopamos en *El Porvenir* é moitas veces de clara rebeldía²¹ fronte ó dominio moderado-absolutista derivado do Goberno Narváez. No último número o ton vólvese ameazante e indicador de actitudes revolucionarias: “A las pérdidas acusaciones de los que abogan por el reinado de *las tinieblas* a mediados *del siglo XIX* y toman la careta de la religión para ocultar su rostro de hiena, no se contesta con la pluma sinó con el acero... en su día: que no se olvide esta manifestación”²².

A rebeldía e o crecente protagonismo que empezan a cobra-las ideas provincialistas de Faraldo deberon se-la causa de que *El Porvenir* se prohibise, sen ningún aviso, dous días despois de publicado o número 14, datado o 28 de agosto de 1845²³.

NUESTRA BANDERA LITERARIA

Cando falamos da liña combativa de *El Porvenir* indicabamos que a súa principal preocupación era a de propugnar unha ruptura literaria que vai abarcar todo tipo de regras, escolas e mestres. O principal portavoz desta actitude é Antolín Faraldo, autor de tres artigos titulados “Nuestra bandera literaria”²⁴, que constitúen o primeiro manifesto artístico do mundo cultural especificamente galego. As referencias ó mundo cultural de Galicia converten este texto en moi interesante para nós, facéndoo comparable en importancia ó *Preludio a toda estética futura* de Risco e o manifesto *¡Más alá!* de Manuel Antonio e A. Cebreiro. Os tres teñen en común a especial incidencia que exercen sobre o mundo da creación literaria galeguista e o feito de que son fillos do espírito libertario do *romanticismo*, que, como ben indica Risco no seu *Preludio*, implicou, non só unha nova estética, senón unha nova concepción do mundo.

1) Primeira parte de “Nuestra bandera literaria”: Galicia como pobo creador e a importancia social do xenio

O número 1 de *El Porvenir* recolle a primeira parte de “Nuestra bandera literaria”, artigo que leva por subtítulo “¡abajo las reglas, las escuelas y los maestros!”, que se converterá máis adiante, como indicamos, no eslogan de toda a revista: “la juventud gallega, a la que invitamos a escribir, puede dar a luz sus concepciones con libertad y confianza, porque nosotros no reconocemos *maestros*, no estamos unidos a ninguna *escuela* y rompemos todas las trabas que esclavizan el pensamiento bajo el nombre de *reglas*”.

Antolín Faraldo nesta primeira parte de "Nuestra bandera literaria" establece como principio fundamental que todo escritor poida "presentar al mundo sus concepciones bajo la(s) forma(s) más extraña(s) que puedan ser engendradas por el entendimiento, hollando las convenciones literarias, opresoras de la razón y de la conciencia, que apagan la inspiración y marchitan las inteligencias más lozanas". Para continuar afirmando que: "¡Todo talento es rey!" É dicir, o creador é un *xenio* que posúe o poder da *verdade*. E, o curioso, é que el desexa que a súa (*a liberdade total na arte*) se trasmita a "*todos los talentos y todos los ingenios de Galicia*", buscando a plasmación desta orixinalidade individual na colectividade coa que se identifica: "Nosotros siempre acogeremos con aprecio y gratitud las composiciones en que brille un rayo de numen o encierren algún pensamiento de utilidad práctica; porque formamos una cruzada santa en la que pueden tomar parte cuantos trabajen *para Galicia*". A *literatura galega* poderá acada-la "verdadera y legítima originalidad", se rompe coa "dictadura" dos homes do Sena e "se emancipa de las escuelas y hace pedazos el cetro de los maestros, proclamando la independencia del escritor". Suliña así Faraldo, non só a excesiva dependencia *galega* do mundo cultural europeo (prioritariamente do francés), senón tamén o desexo de ocupar nel un posto independente e destacado como *pobo*. En toda a revista está claro o desexo de abertura ó resto do mundo (que, por outra parte, sempre caracterizou ó galeguismo), buscando trasmiti-la idea de que os galegos temos moito que *ensinar* ós pobos que nos coñezan²⁵.

Se o talento converte ó home en creador, en todopoderoso, en rei da súa creación, os homes con talento deben exercer libremente o seu maxisterio, ensinar ó resto de pobres ignorantes, a súa *verdade*. Daquela "esa multitud que espera a los pies de las prensas, como a orillas de la laguna *Estigia*, lo que esté en armonía con sus creencias individuales, lo que robustezca sus convicciones o sonría a sus delirios" verá perfilados "por el poeta o el filósofo sus más puros sentimientos o sus emociones más extrañas, retratados por el mágico *daguerrotipo* de la imprenta"²⁶.

2) Segunda parte de "Nuestra bandera literaria"

a) A liberdade como ben irrenunciable polo que a mocidade debe loitar.

O segundo artigo de "Nuestra bandera literaria" aparece dividido encabeizando dous números correlativos da revista, o número 11 e o número 12. No primeiro deles os principios creativos libertarios de Faraldo preséntanse con maior agresividade e concreción. Ningún "eunuco de la autoridad" labrará para eles "la mortaja de la inspiración" nin abrirá "el sepulcro del pensamiento". Porque os talentos e o aplauso da *mocidade* danlles apoio. Non van perde-lo tempo en discusións inútiles. "Ahora se dirige la palabra a una sociedad embriagada por la esperanza; se enuncia, se formula, se pronostica; y los que respeten al profeta o crean en el apóstol, adoptan las nuevas ideas, se unen por el lazo de las armonías intelectuales, esforzándose por imponer las doctrinas que miran como suyas a la sociedad que les abraza en su seno". O seu enunciado vólvese mesmo revolucionario: "El horizonte que nos rodea se ha dilatado muchísimo, porque va acercándose esa *hora de gracia* que la Providencia concede a los pueblos envejecidos. Conservaremos, pues, levantada la bandera anárquica, peleando sin descanso en favor de la independencia literaria". Pensemos que o significado de "literario" (neste momento en que se cre que o creador é un pensador e un propagandista)

tiña connotacións moito mais amplas das que lle damos hoxe. O termo é ambiguo pero unha das súas posibles interpretacións para o lector da época era que Faraldo propugnaba a “independencia cultural”, de pensamento, creación e organización. E proba de que era así é que o betanceiro continúa afirmando que “si como tememos, somos arrojados de la prensa, aun entonces, imitadores de *Anibal*, iremos a buscar entre los contrarios, auxiliares que combatan la antigua sociedad para reorganizala”. A historia probou a veracidade desta ameaza, pois, prohibido *El Porvenir*, o grupo vai apoiar-lo levantamento de Solís, aliándose nel progresistas antiesparteristas con “ayacuchos” e mesmo con moderados descontentos, que eran, para a ideoloxía nacionalista-progresista, os principais “contrarios”. Pero, por se non quedou dabondo claro, Faraldo remata: “Lo que decimos de la literatura no es más que la aplicación de un principio poderoso que está batallando en el mundo desde el origen de las sociedades; nuestra bandera literaria es solo un lienzo de la grande y deslumbradora que lleva en su corbata tres palabras que lo resumen todo: *igualdad, libertad, fraternidad...* pero que están escritas con sangre”.

A principal intención dos redactores de *El Porvenir* é, segundo Faraldo, a de verquer para a *mocidade galega*, no medio do caos ideolóxico da época, unha *idea*, a da “*emancipación absoluta*, porque esta palabra hace resonar en el fondo de su pecho (do da mocidade galega), un acento de confianza para lanzarse a las grandes empresas, infundiéndole resolución y valentía”²⁷.

b) *Importancia da liberdade creadora baseada na moral do artista*

A continuación deste segundo artigo de “Nuestra bandera literaria” aparece no número 12 de *El Porvenir*. Nela o betanceiro volve a cingirse ó mundo cultural cun ton máis erudito buscando presenta-lo seu desexo de *emancipación* como algo *racional*, con bases ideolóxicas admitidas e cunha intención universalista.

Por iso intenta demostra-la lexitimidade das súas ideas coas doutrinas filosóficas de Bacon e Descartes e enumera as beneficiosas consecuencias da total *liberdade* cultural na obra de autores xa consagrados como Byron, Goethe, Chateaubriand, Lamennais, Hugo, Sand, Beranger, Espronceda, Sue ou Trolopp, para os que a *emancipación* deu como froito a creación dun estilo propio, persoal, característico, que é o que hoxe motiva que se lles considere como *mestres* e o seu papel sexa o de coutar nos novos creadores a liberdade que eles empregaron. E fala (por primeira e única vez) da literatura española²⁸, augurándolle futuro só se segue as ideas que propugna *El Porvenir*, nas que se establece como única *base moral* para a creación a de apoiar a todo aquel que teña condicións artísticas. Pois, “observad ese infeliz pastor que modela un pedazo de madera; si le dais aliento, si le protegeis, algún día será un *Canova*”²⁹. A relixión oficial non debe couta-la creatividade porque calquera pode ver que, ó contrario do dogma, a moralidade é subxectiva: “Si nosotros veneramos al anciano *Lamennais* ¿no os prosternais vosotros ante el ilustre autor de *Los Mártires*? Las producciones que en unos derraman veneno que mata, irradian sobre otros luz que penetra en el corazón y arrebatada el espíritu”. Por iso a obriga de todos para a *nova época do porvir* é defende-la *liberdade creadora* organizada sobre unha *base moral* persoal e independente.

E Faraldo, destruído o obrigado exemplo do mundo artístico do pasado, incita ós mozos a crear sobre as súas ruínas outro novo e orixinal, para o que termina pedindo un “Spartaco que haga pedazos para siempre las cadenas del pensamiento”³⁰ e libere ós escravos da literatura.

3) Conclusións que debemos tirar de "Nuestra bandera literaria"

En "Nuestra bandera literaria", vemos, referida á arte, a síntese ideolóxica de De la Sagra, na que se dá o desexo de aplicación dos ideais *libertarios* do romanticismo coa finalidade de empregalos para a creación dun estilo persoal, orixinal, pero tamén coa intención de usalos cun *fin socializante* que precisa dunha *intención moral* subxectiva.

Para nós a orixinalidade destas ideas reside en que Faraldo, falando principalmente á xente *moza*, as aplica á creación dun pobo concreto, o *galego*, para o que pide *liberdade* como condición esencial. Só así a cultura *galega* pode ter unha personalidade propia que aporte nova riqueza á cultura *europaea* e *mundial*.

"O DESCONSOLLO" DE ALBERTO CAMINO: POEMA ESCOLLIDO COMO O EXEMPLO DAS POSIBILIDADES CREADORAS DUNHA LITERATURA GALEGA ESPECÍFICA

Os provincialistas agrupados baixo *El Porvenir* escolleron como modelo da creación literaria de Galicia "O desconsollo" de Alberto Camino, converténdoo nun poema emblemático que se publicará en case tódolos periódicos galeguistas do século XIX. "O desconsollo", escrito en nove serventesios de versos hendecasilabos, presenta as queixas dun rapaz que chora a perda da súa amada Sabeliña (nome que, quizais por influxo deste poema, tivo un éxito inmenso na lírica posterior). Nunha paisaxe romántica, acorde coa tristeza do namorado e na que exotismo e enxebrismo aparecen mesturados, o suxeito lírico exclama, interroga, engánase, desespérase e finalmente se resigna, usando sempre un ton exaltado e persoal, moi propio do truculentismo.

No decisivo ano de 1845³¹, aparecen na prensa os dous poemas máis importantes do inicio da recuperación cultural do galego. Un é "O desconsollo" de Alberto Camino que, como indicamos, se publica no periódico progresista *El Porvenir* (11-2-45) e o outro é "Recordos da infancia" de Añón, que aparece no máis moderado *La Aurora de Galicia* (9-8-45). As dúas publicacións representarán (a partir de maio de 1845 en que comeza a publicarse *La Aurora* como reacción contra *El Porvenir*) posturas estratéxicas galeguistas enfrontadas, que terminarán, sen embargo, por confluír (logo do fracaso do levantamento de Solís) na etapa culturalista do segundo provincialismo. A escolla dos dous poemas devanditos resulta significativa para caracteriza-lo pensamento dos dous grupos existentes no primeiro provincialismo. Un (o de *La Aurora de Galicia*) demostra un gusto máis conservador pois elixe un poema dun autor de certa idade (Añón tiña daquela trinta e tres anos), de estrutura achegada ó clasicismo e que manifesta a bucólica intención de canta-la arcádica Galicia da infancia. "O desconsollo" de Alberto Camino está, pola contra, máis en consonancia cos ideais que expresara Faraldo en "Nuestra bandera literaria". Neste artigo atopabamos esencialmente tres ideas. A primeira é a da *orixinalidade* do creador (que está evidentemente unida á de modernidade). "O desconsollo" é un poema sentimental, persoal, subxectivo, "byroniano" ou "truculentista" neste aspecto moito máis actual, no seu momento, co "rousseauiano" ou "arcádico" "Recordos da infancia" de Añón. A segunda idea que defendía "Nuestra bandera literaria" era a da creación dunha literatura galega con personalidade propia que aportase nova riqueza á cultura europea. O uso da

lingua galega cunha intención nova, intimista e moderna, rompendo os tópicos da poesía de circunstancias (á que se atopa máis achegado todo tipo de himno ou canto a Galicia como é "Recordos da infancia") foi o que motivou a elección, por parte do grupo de Faraldo, de "O desconsolo" (poema amoroso persoal). Por último en "Nuestra bandera literaria" defendíase o orgullo xeracional centrado na esperanza da mocidade, por iso se elixiu tamén, dentro das cativas posibilidades da literatura en galego do momento, a Alberto Camino, que era un membro rigurosamente xeracional dos principais persoeiros do primeiro grupo provincialista (o ferrolán tiña daquela vintecinco anos).

"NUESTRA BANDERA LITERARIA"³²
¡ABAJO LAS REGLAS, LAS ESCUELAS Y LOS MAESTROS!

Al establecer esta revista como *un álbum en el que todos los talentos y todos los ingenios de Galicia* pueden depositar sus aspiraciones, debemos revelar nuestras creencias manifestando como pensamos en literatura. Hace tres años que anunciamos la *emancipación* absoluta con el gran progreso del genio y la más preciosa conquista de las letras. Desde entonces seguimos meditando sobre lo que talentos envilecidos acusaron de *disolución* y *anarquía* y cada día nuestras ideas se robustecieron más y más.

Establecemos por *principio* que todo escritor puede presentar al mundo sus concepciones bajo la(s) forma(s) más extraña(s)³³ que puedan ser engendradas por el entendimiento, hollando las convenciones literarias, opresoras de la razón y de la conciencia, que apagan la inspiración y marchitan las inteligencias más lozanas.

Sostenemos que todo ser que abriga un corazón y posee un entendimiento puede sentirse en la *trípode de la pitonisa* y anunciar a su época y a la posteridad, así lo más ordinario como lo más raro, lo más bello como lo más horrible, a que su imaginación dé forma, color, vida...

Esta es nuestra bandera literaria.

La juventud gallega, a la que invitamos a escribir, puede dar a luz sus concepciones con libertad y confianza, porque nosotros no reconocemos maestros, no estamos unidos a ninguna escuela y rompemos todas las trabas que esclavizan el pensamiento bajo el nombre de reglas.

Al proscribir toda forma *absoluta* y rechazar las convenciones generales, levantamos una bandera espléndida de porvenir bajo la que caben todos los talentos y todos los ingenios. Nosotros siempre acogeremos con aprecio y gratitud las composiciones en que brille un rayo de numen o encierren algún pensamiento de utilidad práctica; porque formamos una cruzada santa en la que pueden tomar parte cuantos trabajen *para Galicia*...

Los principios filosóficos del *Porvenir* se resumen en una sola palabra, clara, inteligible, que no deja campo a la duda.

Proclamamos el *eclecticismo*.

Reconocemos, en todo hombre que piensa, el derecho de poder trazar el plano de un sistema o edificar una escuela en medio del mundo literario. —¡Todo talento es rey!

La *emancipación* en las formas y el *eclecticismo* en los principios constituyen, pues, las ideas literarias y las creencias filosóficas que nosotros profesamos.

Nuestras producciones no serán otra cosa que imitaciones vergonzosas y parodias estériles, mientras no se eleve a la práctica esta doctrina; y los hombres del Sena ejercerán perpetuamente esa dictadura que nos arrastra a besar el polvo de sus plantas. —¡La literatura gallega jamás puede alcanzar verdadera y legítima originalidad si no se emancipa de las escuelas y hace pedazos el cetro de los maestros, proclamando la independencia del escritor.

Entonces esa multitud que espera al pie de las prensas, como a orillas de la laguna *Estigia*, lo que esté en armonía con sus creencias individuales, lo que robustezca sus convicciones, o sonría a sus delirios, no correrá con fatigada vista, con espíritu indolente, volúmenes que desprecia en seguida, quebrantado por el desaliento. Todos verán perfilados por el poeta o el filósofo, sus más puros sentimientos o sus emociones más extrañas, retratados por el mágico *daguerrotipo* de la imprenta.

Entonces si que la literatura reflejaría la verdadera imagen del alma, y como ella sería vaga, caprichosa, indefinida; ya grotesca y caricato, ya grande y sublime, como un festón de *Churiguera*, como una pirámide de Cheops, ya llena de unción, tiernísima, suave emanación de los ángeles, como el *camino de la perfección de Teresa de Jesús*, ya chispeante de donosura y gracia inimitable como un cuento de *Quevedo*.

Desechemos las formas *exclusivas* que son la mortaja de la inspiración; reunamos en uno solo todos los colores de las escuelas. Que cada uno delire a su modo: que todos escriban sin temor a la crítica y a las convenciones generales. ¡Abajo las reglas y los maestros!

Lo malo, lo odioso, lo absurdo, aunque se vistan con las galas del numen o tomen los más bellos colores de la creación, solo brillan como un relámpago en medio de la tempestad, que deja en el corazón un espanto que desaparece con la bonanza. —Hay un juicio claro y severo en la humanidad, un buen sentido general que lo bello, lo verdadero, lo heroico, lo que es hijo del corazón y lo que emana del alma, impera y conmueve siempre.

Diremos, pues, a la juventud: observa, piensa, medita, amontona saber; despues echa a volar tus concepciones en alas de la imprenta. Escribe sin más guía que la razón y el sentimiento. No modeles tus pensamientos por las reglas de los maestros, ni deposites tus inspiraciones en el crisol de los sistemas o de las escuelas. Que todo sea tuyo; medias tintas y colores, lienzo y pinceles...

Antolín Faraldo, "Nuestra bandera literaria", *El Porvenir*, nº 1,
Santiago, 3 de febreiro de 1845, p. 5.

"NUESTRA BANDERA LITERARIA"
¡ABAJO LAS REGLAS, LAS ESCUELAS Y LOS MAESTROS!

¡En que momentos escribimos!

¡Predicamos la libertad intelectual, la *emancipación absoluta*, y los eunucos de la auto-dirid labran la mortaja de la inspiración y están abriendo el sepulcro del pensamiento... Concitamos a la insurrección literaria contra los maestros, cuando los genzaros de la vieja escuela van a proscibir los ingenios condenando las ideas a pasar por el crisol del *Santo Oficio*... Nos deleitamos en un porvenir magnífico para toda la humanidad, y hasta lo presente se hunde bajo nuestros pies y espantados volvemos la vista a un pasado de sangre y tinieblas...!

¿Retrocederemos?

No: cuando las doctrinas del *Porvenir* se ven apoyadas por la prensa y por el voto de talentos de primer orden; cuando los aplausos de la juventud llegan en armonioso concierto a nuestros oídos y el público no separa su vista de este humilde periódico, fuera indigno de nosotros, jóvenes de propaganda, desertar del campo de las inteligencias.— El horizonte que nos rodea se ha dilatado muchísimo porque va acercándose esa hora de gracia que la Providencia concede a los pueblos envejecidos.— Conservaremos, pues, levantada la bandera anárquica, peleando sin descanso en favor de la independendencia literaria; y si, como tememos, somos arrojados de la prensa, aun entonces, imitadores de *Anibal*, iremos a buscar entre los contrarios, auxiliares que combatan la antigua sociedad para reorganizarla.

Desde que los pueblos aprendieron a convertir los principios en leyes, han terminado las grandes luchas filosóficas. En el siglo presente no se puede discutir, vivimos tan a prisa que no hay lugar ni tiempo para el debate. ¿Quien se fatigará en sujetar las doctrinas a los reactivos del análisis, hoy que los sistemas se suceden y multiplican, con tanta profusión de formas y colores como las visiones del kaleidoscopio? Ahora se dirige la palabra a una sociedad embriagada de esperanzas; se enuncia, se formula, se pronostica; y los que respetan al profeta o creen en el apóstol, adoptan las nuevas ideas, se unen por el lazo de las armonías intelectuales, esforzándose por imponer las doctrinas que miran como suyas, a la sociedad que les abraza en su seno.

Por eso, nosotros, no nos detenemos en analizar y rechazamos la discusión, contentándonos con poner en práctica lo que hemos proclamado. *Los que penetraron nuestro fin ¿no*

saben que el *Porvenir* es una publicación especial, extraña, propagadora dun sistema que solo podemos dejar ver al través de un prisma, desconocido hasta ahora en el mundo literario? ¿A dónde nos llevaría el amontonar pruebas y raciocinios?... tal vez a estrellarnos contra el escollo que evitamos con cuidado en nuestra carrera o a oscurecer una verdad que debe presentarse desnuda para que sea inteligible; porque nosotros no hacemos más que *daguerrotipar*, si así podemos expresarnos, los sentimientos que viven en el corazón de la juventud independiente.

Este artículo —*nuestra bandera literaria*—, descolorido en sus frases, pobre y desaliñado en su forma, pero que por lo grande y atrevido de sus pensamientos no solo fue acogido por nuestros compatriotas, sinó que tuvo eco entre algunos pensadores de Paris, Bruselas y Lisboa, es la fórmula completa de nuestras doctrinas, el catecismo de la escuela emancipadora.

Fijemos lo que nunca debe olvidarse:

dogma, —*soberanía absoluta del escritor.*

lema, —*¡abajo las reglas, las escuelas y los maestros!*

¿Y el fin?... —*hacer de la prensa una verdadera tribuna, abierta para todos.*

Al proscribir los *maestros* y las *escuelas*, no condenamos la lectura y el estudio en ninguno de sus aspectos; pero creemos que en la balanza de la razón pesa tanto la opinión, propia, concienzuda, de un estudiante de ideología, por ejemplo, como la de *Mr. Cousin*. ¿Quién no conoce la falsedad y mentira de las *escuelas*, al considerar que no hay alguna duradera, y que la humanidad no se halla acorde en uno solo de los principios que proclaman? Reconocemos la democracia del talento como un principio justo, santo, sublime... y por eso concitamos a la insurrección contra las oligarquías literarias. —Cuando gritamos ¡abajo reglas! las proscribimos TODAS, exceptuando únicamente las de la gramática; porque condenarlas también sería como desechar el prodigioso lenguaje de la palabra hablada o escrita, por el mezquino e incompleto de acción, y (que)³⁴ la humanidad no pudiera aprovecharse de los trabajos individuales.

Lo que decimos de la literatura no es más que la aplicación de un principio poderoso que está batallando en el mundo desde el origen de las sociedades; nuestra bandera literaria es solo un lienzo de la grande y deslumbradora que lleva en su corbata tres palabras que lo resumen todo: *igualdad, libertad, fraternidad*... pero que están escritas con sangre. — Quisimos arrojar en medio de ese caos de opiniones que hoy se cruzan y combaten una *idea* dotada de toda la energía de nuestro espíritu; intentamos excitar la alarma, promover un sacudimiento (cuyos efectos se sentirán!) en la juventud gallega, por la novedad y osadía de los principios, pues abatida o estraviada consumía en la obscuridad la energía de su alma y esterilizaba en el silencio los frutos de su talento. Y proclamamos la *emancipación* absoluta porque esta palabra hace resonar en el fondo de su pecho, un acento de confianza para lanzarse a las grandes empresas, infundiéndole resolución y valentía. ¿Cómo no ha de escucharnos, si nosotros le decimos: —búrlate de los opresores que llaman *críticos*, desprecia a los maestros, porque tu corazón y tu entendimiento te dan poder y misión para anunciar al mundo todo lo que concibas? (Se concluirá).

“Nuestra bandera literaria”, Artículo 2º, *El Porvenir*, nº 11, Santiago, 29 de xuño de 1845, p. 1.

“NUESTRA BANDERA LITERARIA”³⁵

¡ABAJO LAS REGLAS, LAS ESCUELAS Y LOS MAESTROS!

Aún cuando este principio no fuese la fuente de las grandes creaciones, hallaría en nosotros ardientes defensores, por ser una consecuencia legítima y una aplicación en toda su verdad, del *libre* pensar anunciado por el amante de *Helóisa* en el siglo XII, que engrandeció *Bacon*, y *Descartes* ha dirigido contra la vieja Europa como el más terrible ariete.

Porque es un sarcasmo y una blasfemia asegurar que la inteligencia está emancipada, cuando toda la generación presente obedece a la voz de los que cree sus maestros; cuando la literatura, la filosofía, la religión, el siglo, todo camina sumiso a sus inspiraciones. — Después de haber contemplado un cuadro de *Byron*, o *Goethe*, de *Chateaubriand* o *Lamennais*, de *Hugo* o *Sand*, de *Beranger* o *Espronceda*, de *Sue* o *Trolopp*, etc., estad seguros de encontrar en todas las producciones que se admiran como *obras del siglo*, el espíritu de estas inteligencias portentosas, de estos gigantes del pensamiento. Todas las producciones de la época se perfilan unas por otras; se reproducen y multiplican como una misma página bajo la palanca del impresor. Podrá sorprendernos el colorido, pero luego recordaremos haber tenido en nuestra mano aquel lienzo y reconoceremos los pinceles.

No le cabe nacionalidad a la literatura española mientras los talentos y los ingenios se sujeten a las *reglas* y obedezcan a los *maestros*. Solo con la libertad intelectual que nosotros invocamos, nacen los genios descollantes, verdaderas divinidades humanizadas, que forzados a seguir por el camino que otros pisaron se pierden entre la multitud de medianías que no tienen vida propia... Dominando nuestros principios cada uno tomaría su rumbo, se lanzaría con plena libertad y absoluta confianza a la región de sus concepciones, y en medio de mil delirios podría desprender de sus labios una verdad que cambiase la faz del mundo. — Observad ese infeliz pastor que modela un pedazo de madera; si le dais aliento, si le protegéis, algún día será un *Canova*. No despreciéis ese herrero cubierto de harapos ¿quién os asegura que en su cráneo no tiene el genio de un *Watt*? ¡De ese niño que se envanece de sus renglones en forma de versos, algún día saldrá un *Espronceda*!

Uno exclamará con entonación profética: “ese filósofo de Besanzon³⁶ que murió pobre y olvidado de todos, fue el Mesías del siglo XIX”. Otro dominado por la más profunda convicción pronunciará esta horrible blasfemia: “Jesucristo muriendo entre dos ladrones sancionó el robo y abolió la propiedad³⁷”. Pero siempre resonarán cien voces elocuentes en defensa del dogma; y el genio que canta la sublimidad del cristianismo tomará formas gigantescas. *Lamartine* os sacará del abismo en que os sumergiera *Jorge Sand*. Si nosotros veneramos al anciano *Lamennais* ¿no os posternáis vosotros ante el ilustre autor de *los Mártires*? — Las producciones que en unos derraman veneno que mata, irradian sobre otros luz que penetra el corazón y arrebató el espíritu. La razón y la verdad acaban siempre por quedar vencedoras. — Muchas veces también, el escritor deja atrás su época, y ¡cuando toda la generación que le apellidó *delirante* o *utopista*, duerme en la tumba, hay quien va a levantar la losa de su sepulcro y rendirle el homenaje concedido a genios extraordinarios...! ¡acordaos de *Sócrates*... de *Cristo*... y de *Fourier*!

Escuchad.

El papa *León X* toleraba al cisne de Urbino que llevase al Vaticano a la que llamaba *sus ojos*, a la bella *Formarina*: porque el artista solo se sentía inspirado con la presencia de su querida. ¡Que bellísima apología de nuestra doctrina!!

Y nosotros sostenemos una verdad que todas las generaciones han dejado en pos de sí; filosofamos sobre un hecho que se evapora de la historia. Esos hombres poderosos, palancas de la civilización del mundo, que con la palabra o el acero dieron otra existencia a la humanidad, realizaron lo que enunciábamos; no fueron sinó el principio vivo, en movimiento, la personificación humana. *Platón*, *Mahoma*, *Lutero*, *Voltaire* o *Alejandro*, *Cesar*, *Colón*, *Bonaparte* produjeron tan magníficas y portentosas revoluciones porque se hicieron superiores a todo lo existente, a todo lo que no era suyo.

Concluamos:

Profanada el ara santa de la tradición por el culto de la razón universal, destruído el templo de la autoridad por manos innovadoras y atrevidas ¿no es llegado el momento de que esas ruinas tan sublimes como las que cubrían la tierra después del diluvio, os inspiren un pensamiento capaz de rejuvenecer la humanidad?

¡¡¡Esclavos de la literatura ¿cuando se levantará, de entre vosotros, un *Spartaco* que haga pedazos para siempre las cadenas del pensamiento?!!

“Nuestra bandera literaria” (continuación do Artículo 2º), El Porvenir, nº 12, Santiago, 12 de xullo de 1845, p. 1.

NOTAS

- 1 A maioría das rupturas políticas desta época consistían en substituí-los gobernos moderados por un goberno progresista. Non estamos tan seguros que fose así para Faraldo quen, cando en 1846 se fai coa secretaría da Junta Superior del Reino de Galicia, expresa nas súas proclamas un claro desexo de cambios especiais para *a nación galega*.
- 2 "Últimas consideraciones sobre Galicia", *El Recreo Compostelano*, nº 24, 26 de decembro de 1842, pp. 371-375.
- 3 Periódico compostelano que empeza a publicarse o 31 de outubro de 1842 e termina o 27 de febreiro de 1843.
- 4 Parece case seguro que o pseudónimo corresponde a Faraldo, quen tamén asina máis tarde varias cartas a algúns dos seus amigos baixo este nome, segundo indica Murguía en *Los precursores*. O uso do pseudónimo pretendía ocultar a verdadeira identidade do autor, cousa difícil nunha sociedade minoritaria como a universitaria compostelana de entón. Coido que, para axudar a sustenta-la ficción, *Abenbumeya* fala moitas veces de Faraldo en terceira persoa e comenta algúns dos seus artigos como se fosen dun alleo. Isto provoca que certos investigadores como Xosé María Dobarro pensen que Faraldo e *Abenbumeya* son dúas persoas diferentes (Dobarro Paz, X. M., "Faraldo e *Abenbumeya*", *Grial* 76, Vigo, 1982, pp. 235-236).
- 5 *El Porvenir*, p. 107.
- 6 Baldomero Cores Trasmonte, "Faraldo, Antolín", *Gran Enciclopedia Gallega*, Silverio Cañada, Xixón-Santiago de Compostela, 1974, t. 11, p. 96. Trátase dun artigo moi interesante no que poden verse con detalle aspectos importantes da vida, obra e pensamento do betanceiro.
- 7 O periódico tamén conta coa colaboración de Romero Ortiz.
- 8 M. Murguía, *Los Precursores*, Latorre e Martínez Editores, A Coruña, 1886, p. 35. Aínda que a desconexión de Faraldo e o galeguismo foi cuestionada, á luz de certos documentos aparecidos posteriormente, por Carme e María Xosé Rodríguez Galdo no artigo "A propósito da publicación en *La Nación* dunha necroloxía de Antolín Faraldo", *Grial*, 73, Vigo, 1981, pp. 378-384, cremos que Murguía tiña razón e que Faraldo se desentendeu do movemento provincialista nos últimos anos da súa vida. Claro que, segundo indica Baldomero Cores (*Gran Enciclopedia Gallega*, art. cit., t. 11, p. 97), nunca poderemos saber se o arredamento do provincialismo galego do betanceiro sería definitivo.
- 9 *O Boletín Mercantil e Industrial de Galicia* publícase trisemanalmente na Coruña no ano que vai do 2-11 de 1847 ó 2-11 de 1848. Estaba dirixido por Xosé Puente e Brañas e Xoán Pedro Vicenti e seguía unha liña de defensa do libre-cambismo.
- 10 Segundo testemuña a necrolóxica que lle dedican os seus amigos en *La Nación* recollida no artigo de Carme e María Xosé Rodríguez Galdo do *Grial* 73, que vimos de citar. Murguía (en *Los precursores*) dá, erroneamente, a Córdoba como lugar do falecemento. Tamén sinala como posible causa da súa morte unha vida desordenada.
- 11 X. R. Barreiro, "Pronunciamento de 1846 e rexionalismo galego", *Grial* 50, pp. 413-428. As puntualizacións sobre Faraldo, como un membro máis do grupo provincialista están recollidas na páxina 414. X. R. Barreiro tamén se mostra, ó noso entender, *apaixonadamente* riguroso na desmitificación da figura de Faraldo (X. R. Barreiro, *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, ed. cit., p. 81). O

Faraldo teorizador do galeguismo é moi novo e romántico (e polo tanto inmaduro, excesivamente apaixonado e de formación pouco sistematizada), pero eso non lle impide se-lo principal ideólogo do primeiro provincialismo (como polas citas do propio Barreiro podemos comprobar) e chegar a estrutura-lo esqueleto dun inicial galeguismo do que partímo-los máis. Todo é mitificable e desmitificable, pero Faraldo foi o *primeiro* e o *mellor* (ou quizais o *mellor dos primeiros*) para Murguía, case contemporáneo seu, home (este si) moi racional e documentado, cun xuízoso instinto no que eu confío plenamente.

- 12 Aínda que atopamos en *El Porvenir* colaboradores que expresan a opinión de que, "amais de galegos, somos españois" (como é o caso do lucense Antonio de Castro e Martínez, nas páxinas 9 e 10 do número 2, Santiago 12 de febreiro de 1845) non vimos ningún dos artigos asignados por Faraldo (ou de autoría anónima que semellen de Faraldo) que consideren outra entidade nacional superior a Galicia. Hai que aclarar, neste sentido, que o semanario admitía todo tipo de colaboracións que axudasen á difusión dun provincialismo rupturista (aínda que non estivesen totalmente de acordo coas dos dirixentes da publicación).
- 13 Outras tachas que lles puxeron ós primeiros provincialistas, como por exemplo a falta dun programa político e económico concreto, non teñen razón de ser se pensamos na idade e na ideoloxía dos integrantes do primeiro provincialismo. Parece evidente que tiñan ideas máis claras e concretas sobre unha nova organización estatal, ideas que, desgraciadamente, non chegaron ata nós. O único que conservamos son as súas ideas *divulgativas* e *propagandísticas*, que se centran principalmente en crear unha conciencia de diferenciación a través das canles periodísticas que permitía a censura e a mentalidade da época.
- 14 Descoñecemos, tamén, ata que punto a censura política establecía a tácita prohibición de non escribir máis ca en castelán.
- 15 Antolín Faraldo, "Últimas consideraciones sobre Galicia", *El Recreo Compostelano* 24, 26 de decembro de 1842, pp. 371-375.
- 16 Tanto Posada como Camino serán, a partir de certa data, colaboradores de *La Aurora de Galicia*, periódico de liña culturalista contraria á de *El Porvenir*.
- 17 De la Sagra apadrinou *El Porvenir* con dúas cartas (como indica X. R. Barreiro Fernández, *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Pico Sagro, Santiago, 1977, p. 80 —en nota) e colaborou cun artigo ("La caldera de vapor") que aparece nunhas páxinas especiais sen numerar, que corresponden ás 67-68 e 69.
- 18 Anónimo (seguramente Faraldo), "Introducción", *El Porvenir*, Santiago, 3 de febreiro de 1845, pp. 1-3.
- 19 Artigo de J. Ayerve Guaira, *ibidem*, nº 4, Santiago, 11 de marzo de 1845, pp. 31-32.
- 20 *Ibidem*, p. 104. O discurso foi posteriormente reproducido en *La Aurora de Galicia*, pp. 46 e 88, mostrando así as discrepancias de criterio entre o grupo de *El Porvenir* e o de *La Aurora*.
- 21 Certo é que os integrantes de *El Porvenir* intentan, ás veces, contentar a sectores moderados (por exemplo os artigos que se fan sobre a filantropía das damas galegas —pp. 43 a 45) e autoridades (inserción do

- discurso do Xefe Político de A Coruña —p. 104) para contrarresta-la censura, pero nunca o fan rebaixándose. Sempre buscan unha razón acorde coa súa ideoloxía para insertar este tipo de artigos. No caso das filantrópicas damas, o seu “socialismo caritativo”. No caso do discurso do Xefe Político, a defensa que este fai da heroicidade dos coruñeses, párrafo que aparece salientado en cursiva.
- 22 Anónimo (seguramente A. Faraldo). Artigo da redacción, sen título, sobre un comentario do señor Sainz Pardo en contra da liberdade literaria, *ibidem*, nº 14, Santiago, 28 de agosto de 1845, p. 111.
 - 23 X. R. Barreiro di que os redactores fixeron circular unha folla na que anunciaban a supresión da revista e recolle o seu contido (*El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, ed. cit., p. 80 —en nota).
 - 24 Antolín Faraldo, “Nuestra bandera literaria”, *El Porvenir*, pp. 5, 83 e 91. Os artigos aparecen como anónimos, pero son, evidentemente da autoría de Faraldo.
 - 25 Expoñente desta idea pode se-la inclusión en *El Porvenir* de moitas das críticas (favorables e desfavorables) que noutros periódicos peninsulares suscitou a actitude libertaria da revista. A maneira de exemplos das favorables poden servi-las que se recollen de *El Genio (El Porvenir)*, p. 37) ou de *El Eco del Comercio (Ibidem)*, p. 48) ou *El Laud Castellano (Ibidem)*, p. 73). Neste último afirmase: “la brillante y decidida *juventud gallega* es una *voz nueva* en el día; voz que brota sobre las cenizas del Romanticismo, que hallará simpatías en *todo el mundo*, que todos los hombres respetarán si se sostienen con tanto aplomo como debe. (A cursiva é miña).
 - 26 *El Porvenir*, p. 5.
 - 27 *Ibidem*, pp. 83-84.
 - 28 Sen identificar, sen embargo, á *galega* como parte dela, polo que a referencia pode considerarse como un consello que envía á prensa española admiradora das doutrinas de *El Porvenir*.
 - 29 ¿Non sería esta frase unha das inspiracións de Murguía para o seu relato “Un artista”, recollido en *Los Precursores* como “Ignotus”?
 - 30 *El Porvenir*, pp. 91 e 92.
 - 31 Consideramos que o compromiso provincialista coa creación en lingua galega iníciase, claramente, nos anos 44 e 45. Deste último ano non só son “O desconsolo” de Camino e “Recordos da infancia” de Añón senón tamén os primeiros poemas galegos importantes que coñecemos de Pintos (os reivindicativos do socialismo utópico, tipo De la Sagra, titulados “O achadizo” e “A usura”, recollidos en *Misterios de Pontevedra*) e un dos primeiros de Valladares, o titulado “Suidades” (con anterioridade ten este autor outro datado en 1844: “A un paxariño”).
 - 32 A grafía dos textos adáptase á do castelán actual.
 - 33 As letras entre paréntese foron engadidas por min, pois creo necesario o plural para unha perfecta concordancia.
 - 34 A palabra entre paréntese non aparece no texto.

- 35 Nota do editor: "Concluye el artículo del número anterior".
- 36 Nota do editor: "Carlos Fourier".
- 37 Nota do editor: "La Bible de la liberté, par l' abbé Constant".



ANUARIO DE ESTUDIOS LITERARIOS GALEGOS

- * A espiral permanente: Aproximación á figura literaria de X. L. Méndez Ferrín. *Carmen Blanco*
- * Formas do simbólico en "Levantou-s'a velida" de don Dinís: arqueoloxía da plurisemia poética. *Pedro Fonseca / René P. Garay*
- * Lectura temática da poesía de Aquilino Iglesia Alvariño. *Luciano Rodríguez*
- * Polifonía e variabilidade diacrónica dos emisores inmanentes na novela galega. *Dolores Vilavedra*
- * *Nuestra Bandera Literaria* de Antolín Faraldo, primeiro manifesto artístico galeguista. *M. Carme Ríos Panisse*
- * Rosalía de Castro no horizonte dos "saudosistas" portugueses. Da crítica de António Sérgio á veneración de Teixeira de Pascoais. *António Rodrigues Baptista*
- * *As/las Crónicas do/del sochantre*: Dúas versións: ¿dúas recepcións de lectura? *Joaquim Ventura*